



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA



## ACTA DO XVIII PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA

O XVIII Premio José Couso de Liberdade de Prensa resólvese nun momento especialmente complexo, marcado, por un lado, pola guerra en Ucraína e, por outro, polas constantes ameazas a liberdade de expresión e polo aumento exponencial dos casos de desinformación.

Sete xornalistas morreron xa, segundo datos de *Reporteiros Sen Fronteiras*, nestas semanas de conflito en Ucraína. José Couso e Taras Protsyuk, foron asasinados tamén nunha guerra mentres facían o que mellor sabían: informar. Por iso, queremos lembrar unha vez máis a importancia do traballo dos e das profesionais da comunicación como narradores necesarios que lle contan os feitos ao mundo nunha contorna difícil e no medio dun océano de noticias falsas ou interesadas. Vaia pois dende aquí o noso recoñecemento para o traballo das mulleres e homes dos medios públicos e privados, pero sobre todo para o dos *freelance*, que desenvolven o seu labor en condicións moitas veces deficientes.

Tampouco nos cansamos, ano tras ano, de reivindicar e non esquecer a figura do ferrolán José Couso. O seu asasinato segue impune dezanove anos despois.

Neste contexto, hoxe, 25 de abril, resolvemos a décimo oitava edición do Premio José Couso de Liberdade de Prensa.

Son xa moitos os nomes de profesionais e medios que recibiron este premio creado por e para xornalistas. Porque son os propios membros do Colexio de Xornalistas e do Club de Prensa quen elixen ano tras ano a quen é merecedor do galardón. Nesta lista figuran Ali Lmrabet (2005); *Le Monde Diplomatique* (2006); Jon Lee Anderson (2007); o finado José Vidal-Beneyto (2008); Rosa María Calaf (2009); Daniel Anido e Rodolfo Irago (2010); WikiLeaks (2011); o Consejo de Informativos de TVE (2012); Mónica G. Prieto (2013); Marc Marginedas, Javier Espinosa e Ricardo García Vilanova (2014); Jordi Évole (2015); Miguel Angel Aguilar (2016); Xosé Andrés Vázquez Hermida (2017); Julia Otero (2018); #DefendeaGalega (2019); Lorenzo Milá (2020) e Manuel Rico (2021).

Nesta edición concorreron catro candidaturas: **Mònica Bernabé**, xornalista destacada polo seu traballo en Afganistán; **Pablo González**, informador que actualmente está no cárcere en Polonia baixo a acusación de espionaxe; **Víctor Guerrero**, enviado especial de TVE á guerra de Ucraína; e **Érika Reija**, correspondente da TVE en Moscova até a aprobación dunha lei que criminaliza o traballo xornalístico. Un ano máis, catro opcións merecedoras do galardón e recoñecemento do seu labor xornalístico.

O pasado xoves 21 de abril ás 17.30 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao reconto dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo señor notario **Héctor Pardo**, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do reconto na acta número **383** do seu protocolo.

Abertos os votos e recontados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as catro candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade do presidente do xurado, a candidatura de **Érika Reija**.

A organización quere transmitirle a súa felicitación á xornalista gañadora, coa que xa contactou para comunicarlle o resultado da votación.

Finalmente, queremos facer unha mención especial a **Pablo González**, quen está nun cárcere de Polonia desde o 28 de febreiro. Solicitamos das autoridades que realicen todas as xestións necesarias para que se respecten os seus dereitos e se aclare a súa situación xudicial, con todas as garantías, o antes posible.

E, para que así conste, asínase esta acta.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2022.

Darío Janeiro  
Secretario do Premio José Couso